



Seguro que perden os malos cando se bombardean as cidades?



A foto que fala

Un pouco de humor para sobrelevar a campaña



O trasno Sobre dereitos, apetencias e educación

Daniel López Muñoz



Nun dos institutos de ensino medio que frecuentaron os meus rapaces, era unha práctica habitual que os alumnos – ben, acepto, *determinados* alumnos e alumnas- enchesen os váteres de papel, cartón e outros materiais, coa graciosa intención de atoaolos e inutilizalos. Tamén romperon, á mantenta, o ascensor para o acceso dos discapacitados. Si, literalmente roto. En xeral, todo o rompible acababa rompido, a moi curto prazo: cadeiras, papeleiras, mobiliario exterior. Todo. Coma un fado, un destino indefectible. Aceptado con resignación pola chamada comunidade educativa.

ternamente a toalla da intervención educativa estaba bastante tirada. E a rendición **tamén tiña o seu discurso:** educa o medio, educa e familia, educa a televisión e o videoxogo e, sobre todo, educa o grande hipermercado global da publicidade invasiva e do desexo, variado e sobreestimulado, que cómpre satisfacer sen dilación. Aí se moldea “a cidadanía” que o Mercado precisa. Así se fan fillos monstro que ninguén quere ter.

Si, non lles faltaba razóns para deseseparar. É duro confrontar o *fascismo da satisfacción inmediata*, como escribiu o xenial Rafael Argullol, nun arti-

go impagable de 2006. Esa confusión do desexo co dereito: teño dereito ao o que me apetece...e xa! Reivindicación de dereitos sen deberes. É o sacrificio, no altar liberal, de calquera principio sagrado, mesmo do *sagrado irrenunciable*: que o “nós” prevalezca sobre o “eu”. E por veces hai unha esquerda líquida que entrou por aí.

A BBC difundiu nas redes recentemente que os escolares xaponeses varren, fregan e limpan os baños das súas escolas (que despois “repan” os profesionais da limpeza). É unha práctica que chaman *o-soji*. “*Na escola un alumno non só estuda as materias, tamén aprende a coidar o que é público e a ser un cidadán máis consciente*”, explica o profesor Toshinori Saito.

É evidente. Pero que sería do equipo educativo que intentase algo así neste currunchito do planeta? Imaxínade..., non xa aos alumnos, ...cal sería a reacción das nais e pais, a interpretación dos medios, ...e os sindicatos? Interviría algunha ONG defensora dos dereitos dos infantés?

Editorial A guerra fácil

Despois de recibir unha zoupada semellante, tan brutal, tan ignominiosa, a reacción primaria e emocional parece predicible: devolver o golpe. Esa reacción automática resulta normal, mesmo xustificable, desde a psicoloxía do individuo atacado, cando a vítima é unha persoa.

Pero a un estadista, a un político socialista ao mando dunha potencia nuclear como Francia, pídeselle algo maior e diferente que poñer en modo *full speed* o porta avións Charles De Gaulle e dar orde inmediata de recruar os bombardeos sobre Raqqa, a suposta capital diso que deron en chamar Estado Islámico e que resulta que nin islámico, nin estado é.

logran instaurar a sospeita sobre os refuxiados que escapan precisamente deles, da súa crueldade

Comezando polos últimos, como corresponde á sabedoría cristiá, bombardear máis cidades, bombardear Raqqa, unha cidade de máis de 200.000 habitantes, terá un efecto seguro e varios incertos. Entre os incertos está o de ferir de casualidade a algún líder de Daesh (que é como lle chaman os estados árabes e como non lles gusta seren chamados a eles). Entre os seguros pode ser que alguén pense na mellora das expectativas

electorais de *Monsieur Le Président*. Pero non, o que é seguro, seguro, é o sufrimento e morte da poboación civil, xa sometida de seu a un calvario polos fanáticos de negro, así como a destrución das súas casas e precarias pertenzas, incrementando o éxodo migratorio. E ese éxodo migratorio, non era de feito o gran desafío para Europa, a súa misión imposible? E agora?

E acabando polos grandes beneficiados da impulsividade francesa: son os propios terroristas, que pasan da categoría de panda de sádicos descerebrados a ter, de feito, a categoría de Estado, agora si, capaz de entrar en guerra. E non só iso, conseguen, ademais, que a opinión pública, debidamente encirrada por lepenistas e outros neonazis, logren instaurar a sospeita sistemática en Europa sobre os refuxiados que escapan precisamente deles, da súa crueldade.

A guerra fácil non é a resposta. Nunca funciona. A cousa pasa antes por cortar o financiamento, as súas redes sociais en internet, a subministración de armas, a compra en negro do seu petróleo, e preparar un servizo de intelixencia intelixente. Todo menos esmagar con bombas a 4000 metros de altura a cidades inzadas de inocentes.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Moita xente pequena, en moitos sitios pequenos, facendo pequenas cousas poden cambiar o mundo. Esta frase tan repetida xa case é un tópicos motivador do voluntariado e da acción social. Coido que eu mesmo xa a utilicei antes para algún rumor.

Nas últimas semanas estou atopando iniciativas que me fan lembrar esta frase. Na Irimia que teño enriba da mesa falan dunha cooperativa enerxética. Gran idea de autoxestión fronte ao modelo imposto dende arriba totalmente absurdo e prexudicial para o consumidor que ve na factura da luz un calote.

Tamén escoitei falar unha vez máis de “Fiare” a banca ética que fai unha

proposta interesante afastada do que se espera dun banco. Que se fai co beneficios dos meus cartos no banco? Nin o sei nin o saberei. Fiare é algo transparente e participativo que busca unha nova concepción do que é a xestión dun banco.

Tamén escoitei falar de fairphone. Como sabes os móbiles teñen un elemento chamado tantalio. É unha materia prima fundamental para todo o desenvolvemento das novas tecnoloxías. O tantalio está a ser causa de mortes e guerras en África. Por iso nace fairphone, unha marca de teléfono que garante que está fabricado con garantías éticas.

Toliños de todo. Loitadores contra as enerxéticas, contra a banca, contra a



telefonía. Xente boa, xente pequena. Oxalá cada vez sexa en moitos sitios pequenos...

1



3



2



4



A peneira

1

Europizarras da Fonsagrada nun stand en París. Producimos o 45% da **PIZARRA** para cubertas, a que máis exportamos. Nela traballan 2600 e 11000 dun xeito indirecto. Pero nesta produción e no granito hai 300 afectados dunha silicose incurable desde o 2008, e non se toma en serio. Somos a quinta potencia mundial en pedra elaborada, o 80% do Estado.

2

O Papa visita **KENIA**, onde traballa Ana Barga, enfermeira de Guntín, e nos veráns é axudada por máis parentes. Son os primeiros españois en contactar cunha das súas 44 tribos, os Masai, ensinándolles cultivos para loitar contra a fame. Visita tamén Uganda onde Cirujanos del Mundo de Lugo trata malformacións aquí e alí, coa colaboración da Casa Diocesana e de particulares.

3

O 5, "Día dos **VOLUNTARIOS/AS**" celebramos a xenerosidade destes colectivos. Na foto a enfermeira Alba Adegá, das Pontes, que voou ao Nepal no terremoto de abril para traballar nun orfanato. Seiscentas mil vivendas fican destruídas e trescentas mil prexudicadas. Coa chegada do inverno medra a miseria, que se agrava coa crise política de grupos contrarios á organización federal que vén de aprobarse na primeira constitución.

4

O investigador ourensán **XOSÉ PAZ** retorna á súa "Casa de Galicia" de Santiniketan, na India, baixo a tutela de Rabindranath Tagore, a súa luz, unha ponte entre Oriente e Occidente, que cimentou nun centro con máis de 30.000 libros. Mentres en Lugo podemos ver a exposición de fotografía de Yolanda Ferrer: "Viaxe á Fundación de Vicente Ferrer", no Museo Provincial.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Os 214.000 galegos e galegas con **DISCAPACIDADE** son os menos empregados do Estado (30,5%). O 85% das empresas incumpren coa obriga de contar no seu cadro de persoal co 2% de traballadores con discapacidade, aínda que nun ano medrou un 30% o número de contratos, 1092, pero só 203 deles con indefinidos. Na foto, M^{ra} Carmen Muleiro traballando nun colexio do Carballiño.

6

O Cumio sobre o cambio **CLIMÁTICO** en París denuncia o incremento de CO₂, metano e outros gases, o que provoca secas, o quecemento da atmósfera e o aumento do nivel do mar. Mentres quecen os océanos, os glaciares se derrétense. Estes perderon entre medio e un metro cada ano, polo menos dende 1950. No 2012 morreron 7 millóns de persoas pola contaminación, sobre todo a exterior, e medraron as enfermidades derivadas.

7

Investigadores de Vigo descubren un método para predecir a evolución da sida. Nos hospitais galegos están tratando **4300** pacientes. Sófren 37 millóns de persoas do mundo, 2 millóns máis cada ano; medra un 40% nos máis novos. Desde a identificación do VIH morreron 39 millóns, agora son un 30% menos. As asociacións antisida esmorecen polos recortes.

8

O estado islámico segue loitando por un territorio, o califato, que medre sen límites ata a fin e poder impor a súa interpretación extremista do islam. O califato non ten fronteiras e sementa o mundo de terror, así o El de Iraq converte a necesidade da auga en arma para someter a poboación. Na foto, un campamento dos 1,2 millóns de refuxiados sirios no **LÍBANO**.

Política Xa nada será igual

Carlos Vázquez G.



A dereita española é a responsable das políticas desenvolvidas para afrontar a crise e o seu principal instrumento foi o Partido Popular. Os resultados destas políticas son evidentes e incontestables: incremento da pobreza crónica e da marxinação social; deterioración substancial dos servizos públicos nun xa

cativo estado do benestar; nacemento do chamado “preariado” onde nin o traballo saca da pobreza; ampliación da desigualdade xerándose máis pobres e máis pobreza e incrementándose os ricos e a riqueza, mentres se castiga e debilita ás clases medias; todo iso con perda de dereitos, con restricións nas liberdades públicas e coa conseguinte mingua do exercicio da democracia. A cidadanía sentiuse orfa e indignada. Orfa, porque non se viu representada nin polos partidos do sistema, pregados aos mercados financeiros, impermeables á participación democrática ou directamente corrompidos, nin sequera amparada polas organizacións sindicais, burocratizadas, submisas e cómplices co poder. Indignada, por se ver e se saber vítima dunha crise allea, dos presuntos remedios para superala e do fracaso evidente dos instrumentos de representación e de defensa dos intereses xerais. Desde o desamparo e a indignación a cidadanía mobilízase por si mesma, organízase, planta cara, pacífica e cívicamente, ás políticas e aos políticos e pon en cuestión o mesmo modelo político, apelando aos valores e principios democráticos. A presión é tanta e resulta tan eficaz que, precisamente neste ano electoral, cristaliza en novas formacións e plataformas políticas con capacidade para disputar o poder e abrir a posibilidade dun cambio político e dunha profunda reforma institucional.

Esta gran mobilización cidadá afectou, e moito, aos vellos partidos do sistema que pasaron do desprezo das mobilizacións á asunción de boa parte das propostas cívicas que, ata hai media hora, consideraban imposibles e ao recoñecemento explícito de que xa nada será igual tras o 20-D. Alarmados, tratan a marchas forzadas de recompoñer a figura para non abandonar a cadeira do mando e a fe que teñen posibilidades de conseguilo. Se se materializan os anuncios demoscópicos é posible que o PP e Ciudadanos formen goberno derrotando á vella e nova esquerda dividida e impotente, frustrando así as aspiracións daquela cidadanía mobilizada. É posible pero, aínda así, xa nada será igual e os cambios poderán tardar algo máis pero serán ineludibles se a mobilización non remite.



O peto común

Rubén Aramburu

Hai uns días un importante cardeal da curia romana amosábase moi preocupado porque a Igrexa cada vez conta menos na sociedade e corre o perigo de se converter nun gueto irrelevante. Leva razón. O malo é que as reflexións sempre lles botan a culpa aos demais: o relativismo, o marxismo, o laicismo... Non quito que teñan algo de culpa, pero onde queda a nosa responsabilidade como cristiáns?

O día da Inmaculada, o Papa Francisco abre a porta do perdón na basílica de San Pedro en Roma: Ano Santo da misericordia!

Identificamos moito a misericordia co perdón, pero ten que ver máis coa compaixón. Misericordia vén significar na súa etimoloxía ter o corazón onda os *miseros*, os que padecen algunha miseria. É certo que rezamos a Deus pedindo misericordia polas nosas miserias-pecados: *Misere-re me, Deus: secundum magnam misericordiam tuam*, cantamos na liturxia. Sabémonos pobres ante Deus, que non deixa de nos ofrecer o seu amor.

Leo as programacións dalgunhas dioceses para o ano da Misericordia e case todo se centra en liturxias, peregrinacións, celebracións do perdón. O compromiso cos pobres aparece como algo secundario.

Miserias hai moitas. Hai situacións que empobrecen as persoas, e non só economicamente. O reto é descubrir pobreza ás veces nada aparentes. Un corazón egoísta sempre é un corazón empobrecido, o mesmo ca un violento ou fanático. Pobreza hai tamén nas persoas enfermas, de corpo ou de mente, nos velliños, na soidade...

Houbo barullo por se en Santiago abrían a Porta Santa ou non. A presión veu dos políticos e dos hosteleiros; á maior parte da xente tanto lle tiña. Vai ser que leva razón o cardeal de Roma.

O día 13 ábrese a Porta Santa en Compostela. Eu poñía un letreiro ben grande con aquilo que dicía o profeta Oseas de parte de Deus: QUERO MISERICORDIA, E NON SACRIFICIOS.

2016



Ano Santo da Misericórdia

○ CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista Conversa con Carlos Miguel Rodríguez Oca, artesán

Xosé Lois Vilar



“As malas políticas levan a artesanía á desaparición”

Carlos Miguel Rodríguez Oca vive na aldea de Seráns, parroquia de Muro, concello do Porto do Son. Comparte teito, mesa, vida e algo do oficio con María, a súa compañeira, e entre os dous dan abeiro e alento a Miqui e Isaac, os seus fillos.

De onde che vén a túa paixón pola artesanía?

De moi atrás. Miña nai, (Berres, A Estrada), viña dunha familia de torneiros e derivou en artesá multidisciplinar chegando a crear a empresa “Carmen Oca”, adicada á marroquinaría. Meu pai, (San Mamede de Ribadulla, Vedra), comezou con 15 anos no oficio de cesteiro facendo Xerras da Ulla (actividade xa extinta e na que traballamos todos os membros da familia) e construindo gaitas, pín-

documento do 1730 onde se reflicte o encargo de replicar un Traverso Barroco traído de Francia que despois en Galicia deu en chamarse Requinta. Mirando en derredor fun veciño doutros 100 torneiros da parroquia de Berres. Con todos estes vimbios puiden tecer o soño de crear a empresa ReGalicia®.

Unha empresa que reza: “Tradición artesana ancestral”

Co noso lema proclamamos ser mesterais. Sinala a procedencia, traxec-

“O que eu fago serve para demostrar amor a un ser querido”

fanos, requintas e outros instrumentos. Foi fundador da marca crof®, da que eu son agora titular. Teño irmáns que andan tamén na lea e mesmo tíos; un deles, Mario, foi colaborador de Isaac Díaz Pardo e fundador de Cerámica da Ulla. Máis aínda. Meu avó era torneiro, da saga dos García, familia que se adicou dende séculos á tornería, coa peculiaridade de que os García eran os encargados de producir as pezas máis delicadas, tales coma balaustres e instrumentos musicais. Existen documentos que acreditan a actividade torneira dos García dende o s. XVI e máis concretamente un

toria e duración secular dunha saga adicada á tornería. Aquel tempo onde a vangarda da tecnoloxía era liderada polos artesáns.

E vós seguides no empeño

A xente está afeita a ir buscar un traballo, ou presentarse a unha oposición. Pero ten que haber quen faga cousas tamén. O que nós producimos non serve para alimentarse, pero serve para demostrarlle a un ser querido o amor que se lle profesa. Pode haber algo máis máxico ca iso? Ao remate, ReGalicia® vén sendo unha “fábrica” de “probos de amor”. Tampouco está tan mal, non si?



A sensación é fantástica; cando ves esa moza que nos merca un brinco para ir máis guapa, ou ese ancián que sempre quixo ter unha pulseira de coiro ou o peregrino que anda prados e montes para chegar a Santiago acompañado dunha nosa pulseira. Se che confeso que gardamos un anaquiño de todas as pezas que creamos... Estamos no que queremos, o que nos gusta, e ofrecémolo encantados.

E non hai nin un recuncho para o verme rutineiro?

O día a día dunha empresa familiar non ten rutina. Días hai nos que nin sequera podes pasar polo obradoiro. Tendo vivido sempre nun fogar de artesáns, levamos asimilado o sistema de traballo. Por exemplo, o luns sempre se reserva para trámites administrativos, facturas, axenda semanal, pedidos, e se sobra tempo... traballar un pouquiño nalgún dos procesos en marcha. Para poñer o noso produto no mercado, o sistema de produción ten que ir moi pautado. Aínda que podemos acabar calquera artigo en calquera momento, todo se fai en procesos de centos de pezas que poden servirse en diferentes versións. Cando facemos baquetas torneamos durante unha semana e despois personalizamos. Pero xa temos un stock de baquetas. Cando cortamos pezas para pulseiras, cortamos centos de

varios modelos e logo imos rematando segundo as reposicións necesarias. Ás veces, estamos parados ou bloqueados sen poder facer nada... Unha avaría ou a falla de recursos,

“A visión romántica e folclórica da artesanía é un erro”

un proceso que estraga as pezas e a materia... Un chisco semellante ao labrego que sementa, pero que se lle vén revirado o labor, non colleita.

E así, desde unha aldea, pódese vivir deste traballo?

Pódese, e moi ben. Vivimos na aldea, porque nacemos na aldea. Galicia é un país rural. A despoboación á que está sometido o rural é culpa das políticas que se levaron a cabo, e as que se van levar farano peor. A artesanía non é unha industria agresiva co medio rural, máis ben podería ser a súa salvación. Pero en 43 anos que teño non vin a ninguén (dos que teñen capacidade executiva) coa visión suficiente como para desenvolver o sector e facelo rendíbel asentándose na venda do produto, non na economía das subvencións; o problema de que a artesanía non sexa hoxe en día un actor económico principal nun destino turístico como é Galicia, é debido á visión folclórica que se ten dela e

ás políticas de subvención que se fan desde as institucións.

Esa recuperación precisaría, entre outras cousas, dunha rede ben tecida de artesáns

ReGalicia® ten que botar man doutros obradoiros para producir toda a gama que ofrece. Temos contacto con centos de artesáns e a algúns deles incluso lles damos traballo. Forma parte do noso ADN colaborativo. Agora xa non viaxamos tanto por feiras ou exposicións, pero estamos obrigados a manernos sempre observando posibilidades de colaboración con artesáns de todo o mundo.

A artesanía galega actual ten encetado ese camiño?

Pensamos que a política levada a cabo é errónea, e isto favoreceu que case desaparecera a artesanía tradicional, substituída por un non sei que, a medias entre a arte e artesanía... Ou sexa, nada. O que acontece en Berres débenos facer cavilar.

Como é posible que nunha aldea que levaba miles de anos torneando madeira, que fixo todo canto mango de ferramenta se consumiu en Galicia



Entrevista Conversa con Carlos Miguel Rodríguez Oca, artesán

Xosé Lois Vilar



durante séculos, que torneou todos os balaústres de todas as catedrais, que produciu millóns de rulos de masa ou morteiros ou pratos de polbo, estea practicamente extinguida a actividade torneira? Como é posible que nas escolas non se lles diga aos nenos que en Galicia había unha aldea na que no cento de muíños que tiña non moía gran ningún, que deles non saía nin cunca de fariña, que deses muíños agromaban gaitas e chifres, morteiros e rocas, fusos e pínfanos, mangos e asubíos?. Eses muíños non movían unha moa, movían tornos. Se falamos de aldeas alfareiras (Buño, Niñodagua, Bonxe, Gundivós), a xente sabe, pero dunha aldea pioneira en todo o mundo onde os tornos non se tiñan que mover a pedaladas, senón que estaban en muíños, ningún coñece que existiu e que se chama Berres. A mesma aldea que tiña medio cento de tornerías abertas e máis dun cento de torneiros na última década do Século XX, ten agora apenas media ducia. En cuestión dun lustro, extinguida para sempre. Como concibir que non teñamos en Berres nin o primeiro deses muíños restaurados?

A pesar disto, vós seguides na teima. Aí está ReGalicia.

ReGalicia® é un proxecto de intercolaboración entre Obradoiros. Foi concibido nun principio, en 2001, como unha comercializadora das marcas da familia, Mario Coiro, crof®, Carmen Oca, Cerámica da Ulla, Sanín... Pero muda de concepto cara un modelo que na actualidade non está culminado. Medrar dende neno dentro do sector proporciona unha visión clara e aínda que non é doado levar

mento e o artista tócao, esculcar en quen ten máis mérito, para min, non é importante. Pero en ReGalicia® non vendemos arte de momento. Tampouco me preocupa se consideran arte ou artesanía o noso produto. Porén, cando María, a miña compañeira, está creando os deseños, si é verdade que miro para ela e penso..., vaia artista!

Para a artesanía houbo pasado. Hai, xa que logo, futuro?

“En só dez anos extinguíronse varias disciplinas artesanais”

un proxecto adiante, sabemos que é posible.

Arte ou artesanía?

Eu non confundo arte con artesanía. É un erro que procede da visión romántica e folclórica da artesanía que eu non teño. Podes facer unha gaita que é unha obra mestra e non ser un artista. Pode que eu ao ver gaita chore de ben feita que está e ao ver tocar nela me prenda a carraxe e me entren ganas de asasinar a quen a toca, pero iso nin converte ao artesán en artista nin degrada ao músico a outra cousa. O artesán fai o instru-

Temos unha Fundación da Artesanía e o Deseño que é unha tragadeira de recursos e fai unha xestión nefasta; toda unha testemuña de como se extinguiron diversas disciplinas nos derradeiros 10 anos permanecendo impasible. Houbo un patrimonio que se perdeu e do que xa non quedou case nada, non se considerou como tal e non hai quen dea a voz de alarma. Eu sei o que vou facer; dar exemplo co noso proxecto e achegar a miña areíña, pero sen pasarse... Meus pais xa achegaron moito.

Pingas de orballos D. Xosé Trapero Pardo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Galiza, país no que xuíces sobran!

Trapero ou Trapaceiro chamáballe quen percorría distancias de confianza con don Xosé, home conciliador e curioso, xornalista avezado e escritor de enormes memorias, músico, seminarista e protagonista daquela fundamental Escola Mindoniense, fotógrafo empedernido, poeta, debuxante, dinamizador de encontros e publicacións, de faladoiros como o de Mondoñedo na barbaría do Pallarego –canto alí aprenderon toda aquela xeración, entre eles tamén Cunqueiro. Ou, despois, tamén en *La Voz da Verdad*, xa en Lugo. Observador de fina sensibilidade matizada naquelas pequenas cousas que a moitos nos pasan desapercibidas.

Era dos do Reloxeiro, de Ribeiras do Lea, familia coñecida desde os territorios da veciñanza. Mesmo emparentou, pois casaron, unha súa sobriña, Lourdes, co meu irmán Santi, feito que afirmou a relación e daba pé a intres moi gratificados, aínda lembrados, e máis comúns cando quedou viúvo de Delia. Lembro moitos sucesos del, perdoades que vos conte, pois era moi alegre e viña a nós facer carantoñas, enredos e entusiasmos. Viviu e foi cronista oficial da cidade e fun á súa casa varias veces ler as súas recollas cheas de maxia. Co seu saber espertei á Cultura Tradicional. Facía un programa de radio ao mediodía que escoitabamos con devoción. Ritos e costumes, códigos de entendemento da enorme literatura popular da que procedemos. Remataba sempre con aquel “...bo proveito, amiguíños!” que chamaba nas consciencias para, secretamente, afirmarnos na lingua e cultura propias, seducíndonos! Escribíaa tamén no xornal, sometido a multiformes autoreprobacións que o privaban –ao xornal- de ser referente esclarecedor dos seus soños, cos seus admirados Cunqueiro, Fole, Pimentel, Fdez. de la Vega, Crecente Vega, Iglesia Alvaríño, Díaz Xácome, Díaz Castro, Noriega, Leiras Pulpeiro, Fraguas, Fernández del Riego, Gamallo, Santeiro, Lence Santar... Tantos, que lúces deron!

Trapero era unha biblioteca andante, sabía miles de memorias e anotacións, oracións, adiviñas, refráns, ditos, recitativos, cantigas, romances... E sabía darlles traza, era un gran creador, ademais de varios libros fixo a Zarzuela “Non chores Sabeliña” con música de Gustavo Freire, ou O Pelúdez en forma de relatos cheos de feitizo, engaiolando sentimentos desde a orella e os ollos, para estremecer o corazón. Meus pais, escoitando ou lendo as cousas del –pois eran dun tempo e orixe- asegundaban a certeza do que contaba na radio ou escribía no xornal. Falaba de personaxes célebres que fixeran lenda das súas vidas. Cen anos de vida en sucesos, anécdotas que crean un xardín multicolor de charamuscas. Lembro cando ex-



plicou aquilo “do ollo mao”; (cuncha ovalada que había –e non hai, por culpa dos recheos con area de fóra- nas praias da Mariña de Lugo e que ten debuxada una espiral no centro) aseverando que espantaba males de ollo e meiguerías maléficas de todo tipo. D. Xosé, nos veráns, paseaba a Praia de Barreiros, apañando aqueles supostos fósiles, ensaios para combater o mal desde o sinxelo e a entregada fe en nós mesmos. Todos fixemos “colgantes” que nos protexeron de demos. Mágoa non o facer de corruptos, incompetentes, fanáticos e desarraigados que tantos viñeron!

Don Xosé vénme á memoria con gratitude polas claves que me deu da aldea

Hoxe don Xosé vénme á memoria con gratitude, polas claves que me deu da aldea, tan ignorada como esquecida e deixada. Sobre todo aquela clave de vivir afectos presentidos do noso pasado, antes aínda de seren relatados, comprendidos antes de poder seren xulgados. Algo necesario para poder ir xuntos e saber de onde vimos, quen somos, onde estamos e cara a onde imos! Lonxe de tanto xuízo, ...ir xuntos.

Ás Furtadelas Meditación sobre o 13N¹

José Ignacio González Faus



Mortos civís en Siria polos bombardeos.

Escribo estas reflexións sobre todo para min mesmo: por necesidade de serenarme ante a barbarie do atentado do venres en París. Temo que moitos non as acepten. Pediría que tenten reflexionalas antes de condenalas.

1.- Hai polo menos unha cousa na que todos estaremos de acordo: **os autores de semellante animalada son uns verdadeiros monstros**. Agra-va esta constatación o feito de que non se trate de seis ou sete monstros excepcionais senón de decenas ou centenas de miles; e sen dúbida máis monstruosos os organizadores que os pobres executores.

2.- Pero non é iso todo o que cabe dicir: porque todos os seres humanos somos capaces do peor e do mellor: podemos chegar a ser santos pero tamén podemos chegar a ser monstros.

Haberá que facer xustiza, non reaccionar con odio, para non entrar na espiral da violencia

4.- Todo ser humano morto antes de tempo violentamente, **é unha traxedia** que debe ser chorada. E non cabe establecer aquí uns mortos de primeira clase (que son os nosos), e outros mortos sen importancia que non merecen nin un día de loito.

5.- Falando de monstros, **lembro un soado cadro de Goya**: “O soño da razón produce monstros”. Eses monstros do 13N non serían producidos, en parte polo menos, polo soño da nosa razón económica? Por esa razón do máximo beneficio, do mínimo salario, da nosa monstruosa “reforma” labo-

Segundo a moral cristiá, os emigrantes non veñen quitarnos o noso senón recuperar o que é seu

E entón, queda a pregunta: **como estes mozos puideron chegar a semellantes niveis de inhumanidade?** Ao tentar comprendelo atópome cos seguintes datos:

3.- O profeta Isaías deixou escrito que **“a paz é froito da xustiza”**. Parece lóxico entón que o froito dun mundo tan inxusto como o noso e onde as diferenzas entre os seres humanos son arrepiantes, haxa de ser, necesariamente, a guerra e a violencia.

ral, das xubilacións de 3 millóns para os banqueiros, do saqueo do terceiro mundo, do luxo, o malgasto e a ostentación como motores da economía, do acaparamento do petróleo e do armamento cada vez maior, para defensa de toda esa desorde?

Son eses en realidade os nosos verdadeiros valores, ou os outros aos que apelamos para xustificarnos? Non cabe esquecer que, na historia, cando as cousas se torceron e non se

¹ O artigo orixinal foi publicado en *Periodista Digital*, en castelán.

endereitan a tempo, acaban levando a **situacións insolubles**, ou cuxa solución só pode vir dun cambio radical de rumbo que só pode facerse aos poucos e a longo prazo.

6.- Segundo a moral cristiá, todo o que unha persoa ten de máis, unha vez cubriu suficiente e dignamente as súas necesidades, **deixa de pertencerlle** e pasa a ser de quen o necesita. A propiedade privada non é un dereito absoluto senón un dereito secundario que só vale na medida en que sirva para realizar “o destino común dos bens da terra” que é o verdadeiro dereito primario (ver p. e. Populorum progressio n. 22).

De acordo con isto, moitos emigrantes a quen rexeitamos de mil maneiras, non veñen quitarnos o noso senón recuperar o que é seu. Non sería entón máis seguro, no canto de pechar as nosas fronteiras, **pór fronteiras á nosa avaricia?**

7.- Ignacio Ellacuría falaba con insistencia dunha “civilización da sobriedade compartida” como **única saída para o noso mundo** (el formulábase aínda máis duramente: unha civilización “da pobreza”). A ilusión dun crecemento constante da riqueza está a esnaquizar o planeta: nestes momentos destruímos anualmente case un 50% máis do que a terra pode repor.

Por iso, ademais das medidas urxentes que haxa que tomar agora (de investigación e protección) non parece imprescindible encamiñarnos a longo prazo cara a esa nova civilización? Non creo que ningún cristián que se opoña a ese proxecto de **Ellacuría** poida merecer con verdade o nome de cristián.

8.- Esa “desorde establecida” (E. Mounier) ou ese **“pecado estrutural”** do noso mundo desenvolvido, do que nós gozamos e que outros padecen non será un dos proxenitores deses e outros monstros?

Porque cando o odio se xunta coa relixión, esta corrómpeuse, o odio pótenciase e acábase cumprindo o sabio refrán latino: **“a corrupción do óptimo é o pésimo”** Por iso, dado o infinitamente manipulable que é o nome de Deus, cómpre recuperar o que escribiu outrora José A. Marina: a ética nace das relixións, pero logo esta debe criticar a nai: para evitar que algo tan valioso como a fidelidade se

10.- Afirman algúns sociólogos que hoxe estamos xa, na **terceira guerra mundial**. Só que hoxe as guerras fanse doutra maneira, para evitarnos baixar a pelexar ao campo de batalla. Por iso pode ser bo concluír lembrando que a humanidade saíu de catástrofes e calamidades aínda peores que a que nos ameaza hoxe. O pobo xudeu, tras o desastre do exilio, onde se sentiron abandonados por Deus,

Non sería máis seguro, no canto de pechar fronteiras, pór fronteiras á nosa avaricia?

confunda con algo tan monstruoso como o fanatismo.

9.- Todo isto debería axudarnos a non reaccionar con odio, para **non entrar naquela espiral de violencia** que tanto temía Hélder Câmara. Haberá que facer xustiza, por suposto. Pero sen que chamemos xustiza ao pracer de facer dano: porque entón estaríamos a nos pór ao mesmo nivel humano ca eses monstros.

puido regresar, reconstruír o Templo e preservar o seu monoteísmo.

No século pasado, tras a atrocidade do holocausto e a segunda guerra mundial, a humanidade viviu, segundo moitos economistas, unha **pequena idade de ouro**. Non sempre é posible facelo todo, pero sempre é posible facer algo. E ese algo, por pouco que sexa, convértese hoxe, para todos nós, nunha obriga grave.



Xa estamos na 3ª Guerra Mundial, segundo algúns sociólogos.

O noso taboleiro

O padre Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade (1915-2015). Editorial Sept



A editorial Sept publica este libro de homenaxe e memoria ao xesuíta galeguista e “vangardista” Xaime Seixas. Trátase dunha fotobiografía elaborada por Silvestre G. Xurxo e Manuel Cabada.

Seixas, nado hai 100 anos en Compostela, foi pioneiro na introdución do galego na liturxia e en moitas outras cousas. Vinculado a maior parte da súa vida a Vigo, foi considerado un “crego de esquerda” nos tempos máis difíciles; foi misioneiro e nunca ficou indiferente ao acontecer do seu momento: animou grupos da chamada vangarda obreira católica, comprometeuse socialmente e foi colaborador e inspirador de grupos que resistían ao franquismo e preparaban o cambio desde abaixo. Faleceu en 1994. Agora, unha rúa do barrio obreiro de Coia leva o seu nome. E o seu espírito navega con nós.



Seixas con boina, con compañeiros da Vangarda Obreira

REVISTA QUINCENAL DE CORTES GALEGOS

IRIMIA

Seguro que perden os malos cando se bombardean as cidades?


Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org
 Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.shtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 6 DE DECEMBRO. II DO TEMPO DE ADVENTO

A PALABRA. Lc 3, 1-6

No ano quince do reinado do emperador Tiberio César, sendo Poncio Pilato gobernador de Xudea e Herodes tetrarca de Galilea; sendo Filipo, o seu irmán, tetrarca de Iturea e mais da Traconítide, e Lisaniás, tetrarca de Abilene: durante o pontificado de Anás e Caiús, chegoulle a Palabra de Deus a Xoán, fillo de Zacarías, no deserto. Entón el percorreu toda a rexión do Xordán, pregoando un bautismo de conversión, para acadar o perdón dos pecados, conforme está escrito no libro do profeta Isaías: *Unha voz chama no deserto: Preparade os camiños do Señor, reparaide os seus vieiros. Todo barranco se cubrirá, todo monte e outeiro se rebaixará, os camiños tortos hanse endereitar e os fragosos hanse achanzar. E todos verán a salvación de Deus.*

A CLAVE

Asociamos o deserto a baleiro, á nada, pero as nais e pais do deserto sabían que é o lugar do silencio, onde resoa o máis pequeno son, o lugar onde escoitar o bater do propio corazón. Lucas presenta a Xoán como a voz que clama no silencio, voz que se escoita maila todo o ruído dos imperios. Herodes, Pilatos,... son homes que fan moito ruído, pero o silencio do deserto é lugar para que resoe no noso corazón a voz dos pequenos. Baruc anuncia que se van rebaixar os montes e encher os barrancos pois Deus "Paz na Xustiza" vai mostrar a súa gloria.

Mentres escribo isto preparo os actos do 25-N, e non podo deixar de pensar en que o Reino ten que servir para facer resoar no noso corazón as voces silenciadas ata a morte de tantas mulleres. As mulleres débiles que se fan fortes na adversidade e as que sucumben sen forzas para loitar.

No silencio do deserto resoan no noso corazón as voces afogadas deste maltratado mundo no que nos toca vivir, e con Xoán berramos:

- Preparade o camiño ao Señor, que xa chega!!

Marisa de Corme

O ECO

Precursores : persoas que van diante, que ollan o camiño e intúen cara a onde vai, que cren que, aínda que eles non cheguen, outros chegarán.

En todas as loitas da humanidade houbo precursores. Pensade na escravitude, no apartheid, nas revolucións, etc., cantas persoas caeron tentando empurrar a historia na dirección correcta. Elas non chegaron a ver facerse o soño realidade pero sen elas non se tería acadado.

Poderíamos nomear a miles de heroes coñecidos e millóns anónimos, son os profetas dos nosos tempos, son a voz que tantas veces clama no deserto e avisa que o cambio climático pronto será irreparable, por poñer un exemplo. Son os ecoloxistas que se doen de cada animal ou planta que se extingue, son os activistas dos dereitos humanos sufrindo por cada condenado a morte, son os que turren do comercio xusto, da banca ética e tantas outras teimas na procura dun mundo mellor para todos e todas.

Precursores: os que van diante, pero que non chegan a ningún sitio se todos os demais non imos detrás.

Olga Álvarez

Falando da lingua Tempo de chover

Lidia e Valentina



Despois do verán de San Martiño, vén a chuvia e o frío. Isto nin é un refrán consolidado, nin pretendemos nós facelo. Saíunos así e aí queda dándolle entrada ao léxico da chuvia que queríamos tratar hoxe. Xa algunha vez falamos aquí da *chuvia*, dos seus deri-

vados e demais termos relacionados. Falámosvos de chuvasco (con -v- por iso de ser derivado de chuvia), pero tamén de orballo, da sarabia ou do trebón. O que non vos concretamos é que hai máis de 70 palabras en galego para designar a chuvia, mesmo moitas máis das que teñen os esquimós para designar a neve. Xa sabedes que a lingua representa a realidade: como en Galicia chove bastante (non hai máis que consultar *meteogalicia*), é normal que teñamos un lote de termos para designar os diferentes tipos de chuvia. Nomealos xa o fixemos outras veces, agora queremos compartir convosco o resultado dunha investigación sobre a orixe de moitos deles, que saíu á luz hai uns anos.

Unha profesora de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, Elvira Fidalgo, fixo a súa tese de doutoramento sobre a formación das palabras que designan os diferentes tipos de chuvia. Grazas a ela vimos de constatar que temos moitísimas máis palabras para desig-

nar a chuvia miúda ca a chuvia forte, pero ademais aprendemos a orixe de moitos dos nosos termos. Polo visto, os nosos antepasados foron dándolle nomes á chuvia segundo o ruído que faga a auga ao caer, ao aspecto do día ou a diferentes metáforas. Por exemplo, a *babuña*, *babuxa* ou *barbuza* (todas elas “chuvia miúda”; segundo a Real Academia Galega (RAG)) proceden da raíz *bab-*, que seica reflicte o son que fan os bebés cando aínda non falan e se baban, polo que se empregou calquera destes termos para designar unha chuvia moi miúda e case pegañenta.

O *froallo*, que segundo a RAG ten o mesmo significado ca o termo anterior, ten a súa orixe –en palabras de E. Fidalgo– no termo latino “*floccum*” que significaba “febra de la”. Na época en que se rapaban as ovellas e se deixaba a la a airear, esta soltaba un po branco que enchía o aire. Esa imaxe parece ser que se trasladou a unha chuvia que cae cando hai raios de sol e parece medio branca.

Acábasenos o espazo e temos que seguir no próximo número... Non o perdades!

O Fachineiro da malicia

Ex gladio aequitas

Vendo as cousas cunha certa distancia espacial e temporal, hai reaccións tras os atentados de París que lembran o que pasou despois do 11S e tamén do 11M. Nun dos seus números, o grupo de humoristas Les Luthiers -arxentinos- buscaba o seu inimigo natural en Noruega; Bush buscouno en Iraq, aínda que nada tivese que ver o touciño coa velocidade.

Falando de touciño, o bispo San Sebastián, Munilla, aproveitou para concordar co do trigo limpo e lembrar que “xa volo dicía el!” -en liña editorial similar pronunciábase o concelleiro asturiano do PP que reclamaba para os refuxiados sirios “un putito tiro.” Non



hai nada mellor ca prometer vinganza para agrupar a xente trala bandeira e camuflar miserias e erros propios. Tampouco non hai que facer de carpideiras polo que arroute Donald Trump a propósito de refuxiados e inmigrantes cando moitos líderes europeos pensan e/ou din o mesmo. Ademais, que as principais empresas de armamento subisen a súa cotización en bolsa despois dos atentados a razón de 3000 millóns diarios é lóxico -dentro da lóxica capitalista devastadora- porque a solución vai ser a de sempre: ex gladio, aequitas (a xustiza pola espada).

A.Q.